

NORMAS PARA AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E VIAXES DEPARTAMENTO CIENCIAS DA NATUREZA

- 1ª. O alumnado deberá participar obrigatoriamente nas actividades programadas para o grupo.
- 2ª. Deberase extremar a puntualidade ás horas de saída en ruta e así mesmo estar a ás horas estipuladas para cada encontro e actividade. Nunca debe quedar unha alumna ou alumno só, débese permanecer en grupo, . O profesorado levará control dos diferentes grupos que se poidan crear.
- 3ª. Deberase gardar un comportamento correcto en todo momento e tratar debidamente os espazos e o mobiliario (autobús, etc.). O alumnado cumprirá con dilixencia as indicacións do profesorado.
- 4ª. Durante as actividades extraescolares e viaxes serán de aplicación as normas de convivencia do Instituto.
- 5ª. No caso de incumprimento das normas, o profesorado responsable do grupo adoptará as medidas inmediatas que estime oportunas, sen prexuízo doutras posteriores que a dirección do propio Instituto puidera tomar á volta da actividade ou viaxe.
- 6ª. No caso dunha infracción de especial gravidade, a persoa infractora podería ser excluída da viaxe e enviada de volta a Xove correndo os gastos pola conta da mesma.
- 7ª. As familias aceptan subsidiariamente a responsabilidade derivada das accións do alumno ou alumna de que son responsables, quedando entendido que, se algún deles supuxese consecuencias penais (destrozos, roubos, etc.) procederase de acordo á lexislación do lugar dos feitos.
- 8ª. O profesorado é o responsable da organización e supervisión das actividades da viaxe. É a máxima autoridade a quen se lle debe consultar calquera dúbida e informar de calquera incidencia.